

NIF: G15310667

## **ACTA Nº ASAMBLEA XERAL ORDINARIA DOS SOCIOS DA ANPA A FERRADURA 5/10/23**

Convocouse a todos os socios e socias a unha ASEMBLEA ORDINARIA da ANPA 'A Ferradura', a celebrar no Salón de Actos do CEIP Pío XII o **xoves 5 de outubro de 2023** ás **16.00 horas** en primeira convocatoria e ás **16.30 horas** en segunda convocatoria, coa seguinte orde do día:

1. Lectura e aprobación da acta da Asemblea ordinaria do 9 de maio de 2023.
2. Exposición e aprobación, se procede, do Balance de Ingresos e Gastos do curso 2022-2023
- 3.- Convocatoria de eleccións da Xunta directiva. As persoas interesadas en presentar candidatura propia ou en sumarse á xunta elixida deberán trasladar as súas propostas a través do correo electrónico da Anpa (anpaferradura@gmail.com) ou directamente nos locais da Anpa.
4. Explicación do estado actual de obras desenvolvidas no centros, con particular atención ás realizadas en comedor e no Pavillón deportivo
5. Rogos e preguntas.

Sendo as 16.35 horas do día 5 de outubro de 2023, levántase a sesión da Asemblea coa asistencia de 33 persoas (anéxase relación de asistentes en documento aparte). O presidente inicia o debate dos puntos da orde do día.

### **1.- Lectura e aprobación, se procede, da acta da Asemblea da sesión anterior**

Aprobada co seguinte resultado na votación  
A FAVOR: 32  
EN CONTRA: 0  
ABSTENCIÓNS 1

### **2.- Exposición e aprobación, se procede, do Balance de Ingresos e Gastos do curso 2022-2023**

Aprobada co seguinte resultado na votación  
A FAVOR: 28  
EN CONTRA: 0  
ABSTENCIÓNS: 5

### **3.- Convocatoria de eleccións da Xunta directiva.**

NIF: G15310667

Procédese á elección de nova xunta directiva logo da finalización do mandato do anterior equipo. A candidatura presentada está conformada do seguinte xeito:

Borja Suárez Fuentes (Presidente)  
M<sup>a</sup> Inmaculada Herrán Mosquera (Vicepresidenta)  
Laura Míguez Pérez (Tesoureira)  
Roberto D. Castro Sieiro (Secretario)  
Cristina Varela Portela (Vogal)  
Cristina Mota Liñares (Vogal)  
José Ángel Calvelo Vázquez (Vogal)  
Almudena Alonso Ferreiro (vogal)

Apróbase co seguinte resultado na votación

A FAVOR: 31

EN CONTRA: 0

ABSTENCIÓNS: 2

#### **4.- Estado actual de obras desenvolvidas no centro**

O presidente informará á dirección do centro que dende a Anpa, cos seus fondos propios, pode realizar doazóns esporádicas dirixidas a mellorar aspectos puntais do centro, pero non é cometido desta asociación sufragar sistematicamente as obras do edificio.

O presidente informa dos arranxos realizados no comedor coa instalación de estantes nos radiadores, a finalización da colocación do novo solo neste mesmo espazo, así como de investimentos realizados na adquisición de ordenadores de uso compartido (por exemplo, para robótica), de material de psicomotricidade ou para música (compra de batutas).

Igualmente explica que o Concello descoñece a data exacta de finalización das obras do Pavillón (pendentes de rematar pola chegada de canastras específicas para as competicións que acolle estas instalacións). Isto está a afectar ás actividades extraescolares organizadas pola Anpa.

#### **5.- Rogos e preguntas**

As persoas asistentes interéсанse polo estado de reforma do espazo utilizado ata agora como aparcamento disuasorio nos períodos horarios de acceso ao centro e recollida do alumnado, na zona da escalinata da alameda.

**NIF: G15310667**

Coa reforma urbanística a acometer, van pasar a ser zona peonil, sen posibilidade de estacionamento como ata agora. Estamos pendentes de recibir máis información do concello sobre alternativas substitutorias.

No relativo aos horarios do comedor vaise analizar a posibilidade de que as/os usuarios/as que actualmente teñen a segunda quenda, cando coincida coa actividade de piscina, poidan ter algún tipo de adaptación ou cambio horario que lles permita chegar con máis marxe de tempo ao inicio desta actividade.

Tamén se trasladará á administración competente solicitude para que os equipos informáticos utilizados polo alumnado de 5º e 6º veñan configurado de tal xeito que o acceso á rede sexa limitado ou con filtros que impidan o seu uso indebido e acceso a contidos inapropiados.




Diversas socias e socios insisten na necesidade de que tanto nas actividades promovidas pola ANPA como nas propiamente docentes do centro, se limite o uso de pantallas con finalidade pedagóxica especificamente e non como mecanismo de entretemento.

Unha socia solicita que o acceso á biblioteca sexa completamente aberto a público para usuarios/as de todas as idades.






Unha socia solicita que o programa de madrugadores, inclúa unha terceira opción (ademais das de garda e custodia con e sen almorzo), para aqueles/as usuarios/as que traian a súa comida da casa.

Varias socias e socios preguntan sobre a posibilidade de celebrar unha festa fin de curso.

Sen que haxa máis intervencións, levántase a sesión ás 18.05 horas.

 Presidente Borja Suárez Fuentes. DNI: 76822288 B	 Vicepresidenta Mª Inmaculada Herrán Mosquera. DNI: 33.294.842L	 Secretario Roberto D. Castro Sieiro. DNI: 35.322.261 B
---	---	--

NIF: G15310667

 <p>Tesoureira Laura Míguez Pérez. DNI: 44833013X</p>	 <p>Vogal: Cristina Varela Portela. DNI: 36.145319Z</p>	 <p>Vogal: Cristina Mota Liñares. DNI 44.846.245 V</p>
 <p>Vogal José Ángel Calvelo Vázquez. DNI 33.295.081M</p>	 <p>Vogal Almudena Alonso Ferreiro. DNI: 44.846.392A</p>	